

Acta de concesión a Xosé Manuel Beiras da XXXI edición da Homenaxe “O Escritor na súa Terra – Letra E”

O sábado 1 de marzo de 2025 reúnese ás 11:30 horas, no Museo do Pobo Galego, a Asemblea Ordinaria Anual de Socios e Socias da AELG para acordar, entre outros puntos da orde do día, o nome da escritora ou escritor que recibirá neste 2025 a Homenaxe O Escritor na súa Terra – Letra E, no marco dunha iniciativa de irmandade literaria anual e vertebradora que, ao longo dos últimos trinta anos, se ten instituído na traxectoria do noso colectivo como unha alternativa complementaria á celebración do Día das Letras Galegas, isto é, unha actividade vivida en comunidade, que nace da vontade de premiar autorías e obras vivas, socialmente activas e participativas co sistema literario actual, e que, ao tempo, persegue o recoñecemento e a posta en valor dunha figura clave do noso presente no mundo da escrita, nunha xornada en que o contacto directo, humano e profesional se converta no principal protagonista.

A Asemblea de Socios e Socias da AELG aprobou nesta xornada, por unanimidade, concederlle esta XXXI Edición da Homenaxe “O Escritor na súa Terra – Letra E” a Xosé Manuel Beiras, de quen se destaca, dentro da súa extensa traxectoria vital, a súa faceta como ensaísta e tradutor, así como a súa xenerosa colaboración coa AELG, sendo parte do Consello Directivo da Asociación entre 1982 e 1986.

Xosé Manuel Beiras ten desenvolto ao longo da súa ampla traxectoria unha relevante achega ao mundo da escrita, tanto no ensaio como na tradución, que permite completar o seu legado como unha das figuras máis relevantes do proxecto plural e diverso, sempre en marcha, da Galiza.

Nas súas palabras: “(...) non se trata de que soñe unha Galiza cualitativamente moi diferente da Galiza que eu levo incorporado na miña propia existencia. Non se trata de converter Galiza nunha realidade que hoxe aínda non existe. Trátase simplemente de que sexa normal aquilo que nós temos vivido constantemente como anómalo e como anormal. (...)”

Eu sempre digo que, en definitiva, Galiza ten que ser aquilo que realmente é no fondo do seu ser ou na súa propia entraña, no seu cerne non só mais profundo, senón no seu cerne máis xenuíno. (...) E eu coido que iso está perfectamente ao alcance da man deste pobo como tal pobo, o que non significa, polo tanto, que estea necesariamente ao alcance da man dunha xeración como pode ser a miña.”

Estas son as palabras dunha persoa que aprendeu a ler e escribir cunha mestra republicana, que medrou escoitando ler ao seu pai os poemas de Rosalía de Castro, Cabanillas ou Pondal, e que non esquece que a súa nai aprendeu a escribir a lingua deste pobo a través das cartas que lle enviaba o seu pai cando eran noivos.

A música veu da man do seu avó Hixinio e da súa nai, que fixera a carreira de música, mais tamén da que se escoitaba na casa cando a chuvia non deixaba saír a correr polas rúas de Santiago.

Nunca pensou que fose un escritor dotado para a escrita literaria de ficción, pero empezou a escribir porque lle interesaba o seu país, que é unha fermosa mostra de amor e lealdade, sempre cunha vontade de estilo que foi sementada con todas as lecturas que

o foron acompañando desde pequeno. E por iso, os seus libros son un referente esencial para entender o noso país, un referente para estudantes universitarios da materia de Estrutura económica ou para achegarnos, a través da tradución a autores como Albert Camus, Sartre ou Anne Philipe.

Deste xeito, esta asemblea acordou nomear a Xosé Manuel Beiras como Socio de Honra da AELG, en convivio de irmandade con aquelas outras figuras insignes da historiografía literaria galega recente que a precederon nas edicións anteriores: Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Manuel María, María Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Luz Pozo Garza, Xosé Chao Rego, Xosé Fernández Ferreiro, Salvador García-Bodaño, Pura Vázquez e Dora Vázquez, María do Carme Kruckenberg, Manuel Lourenzo, Xosé Vázquez Pintor, Agustín Fernández Paz, Marilar Aleixandre, Paco Martín, Xavier Rodríguez Baixeras, Marica Campo, Xabier P. DoCampo, Xosé María Álvarez Cáccamo, Helena Villar Janeiro, Pilar García Negro, Nacho Taibo, Pilar Pallarés, Vitor Vaqueiro, Concha Blanco, Xosé Manuel Martínez Oca, Fina Casalderrey e Euloxio R. Ruibal.

Como Vicepresidenta da AELG dou fe co visto e prace do Presidente.

*Beatriz Maceda Abeleira
Centro Galego de Arte Contemporánea
Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2025*